

As asociacións informante



ugacota
Unión de cooperativas
de trabajo asociado



Abril 2014 ... ¡Somos 171 cooperativas!

As asociacións integramos a 171 cooperativas, o que supón 2.500 cooperativistas

Presentámoslle información sobre as actividades máis salientables que, dende este movemento cooperativo, estamos promovendo e realizando dende xaneiro a abril de 2014 .

Novas cooperativas asociadas

Ampliando o movemento cooperativo

Cooperativismo de traballo

Últimas cooperativas integradas en UGACOTA :

- **Maier Ferroplast**, de O Porriño (Pontevedra). Actividade : produción de pezas de plástico para automóviles.
- **Oteucarón**, de Nogueira de Ramuín (Ourense) . Actividade : servizos sociais, axuda no fogar.
- **3 C Calidad y Control**, de A Coruña. Actividade: laboratorio de ensaios de control de materiais de construción.
- **Cestola na Cachola**, de Lalín (Pontevedra). Actividade : pintura e ilustración, muralismo, deseño e estampación sobre roupa ecolóxica. Proxectos de sensibilización orientados ao consumo responsable.
- **Coffe Park**, de Lugo. Actividade : centro de ocio infantil e cafetería.
- **Compostela Fora de Ruta**, de Santiago de Compostela (A Coruña). Actividade : asesoría e formación en comunicación, historia e patrimonio. Auditoría en comunicación.
- **Inda Iniciativas de Desenvolvemento Sostible**, de Culleredo (A Coruña). Actividade : Xestión de axudas, proxectos europeos. Desenvolvemento económico, social e cultural. Xestión cultural.
- **Manager Asesores**, de Lugo. Actividade : asesoría contable, fiscal, e laboral. Auditorías.
- **O Canto da Balea**, de Lira – Carnota (A Coruña). Actividade : promoción da pesca sostible : comercialización de produtos de pesca, divulgación e educación aos consumidores(as), asesoría técnica.
- **Pulponor**, de Santiago de Compostela (A Coruña). Actividade : comercialización de produtos conxelados.
- **Symphony it**, de Santiago de Compostela (A Coruña). Actividade : consultoría informática, aplicacións web, big data, bpm.



Formación continua

Plans formativos gratuítos para persoas que traballan en entidades do sector cooperativo e da economía social, tamén para persoas en desemprego. As asociacións están executando os plans 2013-2014.



Plans autonómicos

Oferta do plan autonómico de UGACOTA – Formación continua

Está dirixida a **persoas socias e asalariadas de empresas e entidades da economía social**, tamén se reserva unha porcentaxe entre o 20 e o 40% de prazas para persoas en situación de desemprego. A principios de ano iniciouse a execución dun Plan de **6 accións formativas** na modalidade de teleformación, ofrécese en total 105 prazas nos distintos cursos. As accións desenvolveranse de febreiro a xuño de 2014. Está financiada pola Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar.

As accións de temática cooperativa deste Plan foron recoñecidas como baremables pola Consellería Medio Rural e do Mar, e se inclúen no Catálogo de Actividades Formativas para o Baremo de Marisqueo a Pé e a Vara.

+ Información : 881 887 456 www.ugacota.coop

Oferta do plan autonómico de UCETAG – Formación continua

Unha programación con **2 accións formativas** na modalidade de teleformación, destinado ao persoal en activo das cooperativas de ensino e cooperativas de traballo, ofrécense os cursos de Inglés e Venda Online. As accións desenvolveranse de marzo a maio de 2014. Está financiada pola Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar.

+ Información : 986 86 61 49 www.ucetag.org

Plans estatais

Oferta plan estatal de VGACOTA – Formación continua

Está dirixida a **persoas socias e asalariadas de empresas e entidades da economía social**, tamén se reserva unha porcentaxe entre o 20 e o 40% de prazas para persoas en situación de desemprego. A programación do Plan estatal iniciou en marzo, no marco do Plan da Confederación COCETA, está financiado pola Fundación Tripartita para a Formación e o Emprego, e nel Ugacota ofrece **11 accións** formativas na modalidade de teleformación, son 227 prazas entre todos o cursos ofertados. A programación execútase no período de marzo a xuño de 2014.

Tamén aquí, as accións de temática cooperativa deste Plan, foron recoñecidas como baremables pola Consellería do Medio Rural e do Mar, e se inclúen no Catálogo de Actividades Formativas para o Baremo de Marisqueo a Pé e a Vara.

+ Información : 881 887 456 www.ugacota.coop

Oferta plan estatal de UCETAG – Formación continua

Unha programación con **2 accións formativas** na modalidade de teleformación, destinado ao persoal en activo das cooperativas de ensino, ofrécense os cursos de Inglés Avanzado e Estratexia de posicionamento en buscadores (SEO) . As accións desenvolveranse en datas próximas, e están no marco do Plan de UECOE, financiado pola Fundación Tripartita para a Formación e o Emprego.

+ Información : 986 86 61 49 www.ucetag.org



Rede Eusumo

As asociacións colaboran coa Xunta de Galicia na *Rede Eusumo*, co obxectivo de fomentar o cooperativismo e a economía social en Galicia. As asociacións xa iniciaron as actividades 2014 nos Centros da Rede Eusumo de Galicia, que son de carácter gratuito para as/os usuarias/os.

Formación Eusumo

Oferta formativa de VGACOTA – Eusumo

Ata outubro de 2014 desenvolve un plan formativo presencial que consta de varias edicións de catro tipos de cursos:

Formación cooperativa para empregar, **20 horas**.

¿Por que non traballamos en equipo?, **20 horas**.

Elabora o teu plan de empresa cooperativo, **20 horas**.

Autodiagnose da cooperativa para plan de mellora, **20 horas** (específico para as cooperativas asociadas)

Os tres primeiros, veñen de ser recoñecidos como baremables pola Consellería do Medio Rural e do Mar, e se inclúen no Catálogo de Actividades Formativas para o Baremo de Marisqueo a Pé e a Vara.

+ Información : 981 575 578 www.ugacota.coop

Oferta formativa da UCETAG – Eusumo

Ucetag ten previsto poñer en marcha nos próximos meses varias edicións de diversas actividades relacionadas coas cooperativas de ensino, como os cursos : Relevo xeneracional nas cooperativas de ensino : **cursos on line** . Fomento do cooperativismo para o profesorado : **cursos dirixidos a profesorado de centros de ensino non regrado** . Creación de cooperativas de ensino : **trátase de impulsar o nacemento deste tipo de cooperativas**.

+ Información : 986 86 61 49 www.ucetag.org



Oferta formativa da FEDERACIÓN DE COOPERATIVAS SINERXIA- Eusumo

Talleres de mellora empresarial cooperativa

Un programa de formación á carta, dirixido ás cooperativas e entidades de economía social e as súas redes, destinado á consolidación empresarial. Con talleres de mellora nas seguintes temáticas:

- Planificación estratéxica
- Cultura financeira
- Organización e xestión cooperativa
- Responsabilidade social
- Mercadotecnia
- Intercooperación

Realízanse ata outubro de 2014.

+ Información: 986 896 526 www.sinerxia.org

Dinamización Eusumo

Oferta da FEDERACIÓN

Desenvolve un programa de dinamización e impulso do cooperativismo nun sector con potencial, co fin de estimular varios procesos mediante a realización de talleres formativos nos seguintes sectores: Sector medio ambiental – Sector servizos sociais – Sector turismo – Sector cultural, entre outros posibles. Destínase a redes e colectivos representativos do sector que vaia ser obxecto de intervención e nun ámbito comarcal.

Realízanse tamén ata outubro de 2014.

+ Información: 986 896 526 www.sinerxia.org



Actividades para o fomento do cooperativismo 2014

As asociacións van a solicitar fondos públicos para liñas de traballo destinadas á promoción do cooperativismo nesta convocatoria 2014

A través das axudas destinadas ás asociacións de cooperativas e convocadas pola Xunta de Galicia neste ano 2014, solicitarán financiamento público para diversas propostas :

Cooperativismo de consumo

A Federación está a programar actividades para fomentar o cooperativismo de consumo. Realizou unha xornada de difusión en A Cañiza, e ten previsto para os próximos meses un taller formativo sobre o modelo cooperativo de consumo, para impulsar esta vía entre as interesadas.

+ Información: 986 896 526 www.sinerxia.org

Intercooperación – Mercados de economía social

A Federación mantén o programa para levar a cabo accións de cooperación entre cooperativas, entidades de economía social e solidaria e as súas redes, co fin de impulsar un Mercado Social. Para elo desenvolve medidas de divulgación e formación para a intercooperación comercial, coa idea de estimular e crear un modelo comercial de mercado social, baseado nas redes e na economía social e solidaria. Entroutras actividades tense previsto realizar o 2º Encontro do sector TIC na economía social galega, logo do éxito do 1º Encontro do pasado 2013.

+ Información: 986 896 526 www.sinerxia.org

Cooperativismo do mar

A Unión de cooperativas do mar, **Ugacomar**, organizará ao longo de 2014 Talleres de **formación** específica destinada ás cooperativas deste sector, ou tamén dirixida a persoas traballadoras do mar ou a estudantes de especialidades profesionais no ámbito marítimo-pesqueiro, que estean interesadas na fórmula **cooperativa**.

+ Información: 986 896 526 - <http://ugacomar.org>



Apoio á función xerencial en cooperativas

Ugacota promove que a xerencia en cooperativas mellore, por elo solicitará fondos públicos á Xunta de Galicia para darlle continuidade a este programa, que este ano, por primeira vez, podería non contar co apoio da Fundación Novacaixagalicia. O programa inclúe dúas liñas : as bolsas de xerencia, e os encontros xerenciais.

Bolsas de xerencia para cooperativas 2014

Está previsto poñer en marcha **3 bolsas** e incorporar persoas con formación empresarial recen tituladas nas cooperativas beneficiarias, co obxecto de que realicen prácticas na área da xerencia ao longo de **6 meses**. As bolseiras terán unha remuneración, realizarán un Plan de Mellora da cooperativa, seguirán un programa formativo teórico e práctico, e terán o apoio dun titor de Ugacota. As bolsas **son de carácter gratuito para as cooperativas**.

Encontros xerenciais 2014

Para o mes de xuño de 2014 está previsto realizar un encontro sobre o *financiamento europeo* para diversos proxectos, a través dos programas e axudas do período 2014-2020.

+ Información : 986 136 592 www.ugacota.coop



Aprender a Emprender : Emprendemento cooperativo

Programa no que a UCETAG promove o emprendemento cooperativo entre estudantes do ensino secundario (bacharelato e formación profesional), con xornadas de divulgación da cultura cooperativa, e talleres de iniciativas cooperativas. Xa iniciou a súa andaina neste curso escolar 2013-14 e, ata o de agora participaron o IES Pontepedriña de Santiago, e o IES Ribeira do Louro de O Porriño. Nas actividades destes centros teñen intervido as experiencias cooperativas: O Canto da Balea, Normas e Urdime.

Está previsto que se celebren próximas edicións no IES Macías O Namorado de Padrón, e no IES Manuel Antonio de Vigo.

+ Información : 986 86 61 49 www.ucetag.org



Creación de cooperativas

As asociacións promoven o emprendemento a partir do modelo cooperativo, están apoiando que se creen novas cooperativas

UGACOTA

No primeiro cuatrimestre de 2014 téñense atendido a máis de 30 usuarias(os).

Na unión de cooperativas de traballo ofrécese apoio á creación de novas cooperativas, acompañamento a grupos pre-cooperativos para a posta en marcha dos seus proxectos, tamén se responden dúbidas e consultas, e se dá soporte para solicitar as axudas relacionadas coa creación de cooperativas.


En xeral, **préstase** orientación, información, e asesoramento cooperativo en distintos niveis e a distintos colectivos interesados no modelo (persoal técnico e profesionais, grupos promotores, persoas en desemprego ...), tanto de modo presencial, como non presencial (a través de teléfono ou internet).

+ Información : 981 575 578 www.ugacota.coop

SINERXIA

Ao tempo que resolven a diario as consultas das socias, ben directamente, ben a través de soporte dixital, Sinerxia como entidade da Rede Eusumo, tamén efectúa labores informativas para todas aquelas persoas interesadas na fórmula cooperativa que se achegan ás instalacións en Pontevedra. No primeiro trimestre deste ano NosaEnergía S. Coop. Galega e DalleQueDalle S. Coop. Galega, conseguían formar parte do movemento cooperativo.

+ Información: 986 896 526 www.sinerxia.org



Programa Cooperamos 2014

Asesoramento a centros de ensino para participar no *Certame de Cooperativismo no Ensino 2014*.

Ucetag está desenvolvendo o Programa Cooperamos 2014, co obxecto de prestar servizos de apoio e asesoramento a centros galegos, de infantil, primaria, secundaria ou formación profesional, que queiran participar no Certame de Cooperativismo no Ensino convocado pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social e o Consello Galego de Cooperativas. Estase a traballar con 12 centros, dous deles están asociados á Ucetag e o resto son outros centros públicos.

+ Información : 986 86 61 49 www.ucetag.org

Programa Semente

Promocionando o cooperativismo para os máis pequenos/as durante o curso académico 2013-14

Ugacota colabora co Concello de A Coruña e con centros educativos desta cidade na 7ª edición do Proxecto Semente. Dende novembro de 2013 participa na formación de nenas e nenos de 8 a 11 anos orientada a impulsar habilidades e capacidades para o emprendemento cooperativo, con talleres de : constitución, imaxe corporativa, etiquetado e envasado, e taller de vendas e resultados.

O pasado 22 de abril celebrouse o acto de solicitude e entrega de licenzas para a venda dos produtos elaborados polas 20 cooperativas, dos doce centros de ensino que participan nesta edición. O 31 de maio terá lugar o Mercado do proxecto Semente no Obelisco de A Coruña, para por á venda os produtos deste programa escolar. O que recaden destinarase á distintas organizacións sociais da cidade, á excursión de fin de curso ou a unha celebración escolar.

Actividade representativa e orgánica das asociacións

As asociacións traballan para representar os intereses do sector cooperativo.

A través dos seus propios órganos e espazos de participación e gobernanza, ou ben por pertencer a outras asociacións, entidades ou redes, as asociacións levan a cabo diversas liñas de traballo neste ámbito. No primeiro cuatrimestre de 2014 destacamos :



Participación no COGACO Como membros do Consello Galego de Cooperativas, as asociacións participaron, a través dos seus representantes, nas reunións de información e intercambio que abordan temas como o anteproxecto da Lei de Economía Social ou o desenvolvemento da Marca cooperativa ÉCOOP.GALEGA, ou as axudas ao cooperativismo 2014.

Grupo de traballo da Lei de Economía Social de Galicia

Creouse un grupo de traballo para participar no desenvolvemento desta Lei que promove a Xunta de Galicia, de cara a propiciar o debate, o intercambio e as propostas. Participan nel as asociacións.

Grupo de traballo da marca cooperativa

Por iniciativa da Administración galega, as asociacións participan no grupo de traballo que se formou para desenvolver a creación dunha marca cooperativa galega, e que pretende promocionar o cooperativismo mediante a regulación e uso dunha marca, poñendo en valor os principios deste sector.

Grupo de traballo do Encontro sobre cooperativismo e servizos sociais

Participan tamén as asociacións nunha comisión de traballo para a organización dun Encontro sobre as potencialidades do cooperativismo para a organización e prestación de servizos sociais, será o venres 4 de xullo en A Coruña e contará con relatorios, experiencias, e mesas redondas.

Participación en COCETA : Ugacota como socia da Confederación Española de Cooperativas de Tráballo Asociado, participou na reunión do Consello Reitor celebrado en febreiro 2014. Entre outros temas, informouse da solicitude de Cepes para ser recoñecida como entidade intermedia para a concesión de fondos estruturais europeos 2014-20, o que permitiría atender e financiar actuacións das entidades confederadas (tanto asociacións como cooperativas).

Participación en UECOE : Ucetag como socia da Unión Española de Cooperativas de Ensino, participou nas reunións do Consello Reitor celebrados en xaneiro e marzo de 2014. Entre outros temas, destacamos a aprobación da memoria e contas anuais 2013, o plan de xestión de 2014 así como o plan de formación para este ano. No eido educativo, informouse das novidades relativas á aplicación da Lei Órganica de Mellora da Calidade Educativa.

Participación en REAS Galicia: a Rede de Economía Alternativa e Solidaria, da que é socia a Federación, celebrou unha reunión o sábado 22 de marzo no CSC de Fontiñas en Santiago, nela elaborouse unha diagnose DAFO da entidade, dentro dunha estratexia conxunta dos diversos grupos REAS do estado.

Encontro dos consellos reitores (CRs) das asociacións : Mantense un encontro dos CRs da Federación, Ucetag, Ugacomar e Ugacota en marzo para abordar asuntos de carácter transversal, como a situación económica das entidades, a coordinación interna, e a reorganización de procesos representativos conxuntos, para unha maior eficiencia de recursos de cara a afrontar o futuro das asociacións.

Xuntanza co Subdirector de Cooperativas

Ugacota mantivo un encontro en febreiro para tratar distintos asuntos de interese, entre outros, información sobre os orzamentos destinados ao cooperativismo nos últimos anos e as liñas de traballo a desenvolver a través dos fondos estruturais europeos 2014-20.

Xuntanza co IGAPE

A Federación Sinerxia, acompañada por Ugacota, mantivo unha reunión o 21 de abril para presentar ás entidades, e, ao mesmo tempo, informouse da solicitude de financiamento realizada ao Igape, para celebrar encontros de intercooperación.



Xuntanza con Caixa Rural Galega

A xuntanza mantívose en abril para presentar-lles o conxunto da Federación, solicitar información dos servizos financeiros, ou informar do posible Convenio de Colaboración entre Oinari e Caixa Rural Galega (para o acceso a avais financeiros e técnicos en condicións máis vantaxosas para pedir préstamos). A entidade financeira elaborará unha proposta a este respecto. Por último, tamén se abordou a política de apoio da Caixa a programas de fomento do cooperativismo.

Participación na sesión do Consello Económico e Social (CES)

Na que se aborda a programación dos Fondos estruturais 2014-20 que afectan á Mesa de Tráballo, Educación e Formación. Participan Sinerxia e Ugacota, xunto con Agaca e Aesgal, neste encontro no que se presentan as liñas de traballo dos obxectivos temáticos OT8 “Promover o emprego sostible e de calidade e favorecer

a mobilidade laboral” e o OT10 “Investir en educación, formación e mellora das competencias profesionais e na aprendizaxe permanente” que desenvolverán as consellerías de Tráballo e Benestar, e Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

As Asembleas Xerais 2014

Asemblea UGACOTA

Ugacota xa ten data para a asemblea anual, será o sábado 7 de xuño, nas instalacións da cooperativa Luscoefusco, socia da Unión. Ademais de presentar e aprobar os asuntos propios destas asembleas (as contas anuais, o balance social, o plan de actividades 2014 ...), a asemblea tamén trata de ser un espazo para afianzar o intercambio e o coñecemento mutuo, a través da celebración dunha xornada lúdica.

+ Información : 981 575 578 www.ugacota.coop

Promovendo a colaboración con cooperativas, concellos e entidades da Rede Eusumo

A Federación lanzou propostas de colaboración tanto a cooperativas, como a entidades locais e entidades adheridas á Rede Eusumo, para promover o cooperativismo ou intercooperar.

Dende Sinerxia, en base á Orde de axudas dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo 2014 que se publicou en marzo, realizouse o lanzamento dun catálogo de actividades para cooperativas. A proposta ofrecía ás cooperativas solicitar axudas en colaboración coa Federación, esta prestaría o seu apoio para preparalas e desenvolveselas, trataríase tanto de actividades de intercooperación e integración, como de actividades para cooperativas de nova creación.

Ao longo do primeiro cuadrimestre de 2014 realizáronse actividades de divulgación do cooperativismo no Concello de Marín e no Concello de O Grove.

Ao mesmo tempo, en base á Orde de axudas para o fomento do cooperativismo 2014 que se publicou en abril, Sinerxia lanzou outro catálogo de actividades para entidades locais e entidades adheridas á Rede Eusumo, coa mesma finalidade, colaborar para realizar diferentes actividades de promoción do cooperativismo.

+ Información: 986 896 526 www.sinerxia.org

Ugacota tamén deu a coñecer as actividades formativas que está a desenvolver nos Centros de desenvolvemento cooperativo.

+ Información : 981 575 578 www.ugacota.coop



Coop57 Galicia, sección territorial de Coop57 scoopci

Un instrumento para prestar servizos financeiros, éticos e solidarios

Socias colaboradoras : suman actualmente un total de 133 persoas aforradoras, no último cuadrimestre 2014 efectuáronse 5 altas.

Socias de servizos: nestes momentos hai 29 entidades asociadas (socias de servizos). Producíronse 2 baixas, e 2 altas : Feitoría Verde e Hábital Social. Hai ademais, 6 solicitudes de alta en proceso de resolución.

Operacións de crédito :

Nos primeiros meses do ano realizouse unha operación por un volume de 35.000 € . Amortizáronse 5 empréstitos aprobados en 2012, quedando así un total de 10 por amortizar, e, atópase en proceso de avaliación, unha nova solicitude de empréstito.

A Sección Territorial de Coop57 en Galicia, ten aprobado un total de 34 préstamos dende a súa constitución en 2009, por un importe total de 811.120 € .

Actividade divulgadora : Neste período realizáronse unha oito actividades de difusión, as accións de difusión diríxense a concellos, centros educativos, sectores potenciais, etc., mediante talleres, xornadas ou procesos de dinamización.

Órganos sociais:

Celebrouse neste período :

- Asemblea da sección territorial e Consello de sección
- Asemblea xeral da cooperativa e Consello reitor da cooperativa

Na Asemblea de Galicia, realizouse un balance do máis sobranceiro da actividade desde a súa constitución e no último ano. Apróbase a proposta de plan de traballo e orzamentos para 2014 do Consello Reitor da Cooperativa, introducindo dúas propostas a plantexar na Asemblea xeral da cooperativa:

- baixada da remuneración das achegas a capital das socias colaboradoras co fin de rebaixar o prezo dos servizos financeiros a prestar pola cooperativa.
- incremento do orzamento destinado á función de Secretaría Técnica da Sección Territorial, realizada por Sinerxia.

Procedeuse á renovación das integrantes do Consello de Sección; Comisión Social e Comisión Técnica e tamén se designaron responsábeis para a Comisión da web e a tradución da versión electrónica do Boletín da cooperativa. Ficou pendente de confirmar antes da reunión da Asemblea de Xuño, socias colaboradoras no mantemento do web, e tamén a incorporación de novas integrantes na Comisión Social e Técnica.

Por último, acordouse a realización dun encontro para a posta ao día da cooperación coas outras iniciativas de finanzas éticas da economía solidaria activas en Galiza – Fiare e O Peto.

Na Asemblea xeral da cooperativa, destacar nomeadamente a aprobación do plano de traballo e orzamentos de 2014 do consello reitor, sen a incorporación das propostas realizadas desde Galiza.

No tocante ao Consello Reitor da Cooperativa celebrado en Barcelona no mes de febreiro, após dun intenso debate, o máis sobranceiro foi o acordo de desenvolvemento dun proceso titorizado externamente, para a diagnose e introdución de melloras no plano organizativo da Cooperativa, a realizar entre os meses de abril e xuño en varias sesións presenciais.

Na actividade do Consello de Sección, destacar os acordos para mellorar as ferramentas divulgativas a empregar na actividade da Sección Territorial; a preparación dunha acción formativa sobre finanzas éticas en formato en liña , e, incluír, nos contidos da Asemblea de Sección a celebrar en xuño, o posicionamento sobre o incremento dos fondos propios da cooperativa, así como informar da participación de Ramón Pascual para realizar unha diagnose e introdución de melloras na divulgación, xestión e demanda de servizos financeiros en Galiza.

+ Información : galicia@coop57.coop - www.coop57.coop/galicia

Máis información poñéndote en contacto con nós

Comparte as novidades das asociacións con todas as socias e socios da túa cooperativa, ou expón este boletín no teu tableiro.

Moitas grazas

Federación de Empresas Cooperativas Sinergia

986 896 526 www.sinergia.org

Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado de Galicia

986 86 61 49 www.ucetag.org

Unión de Cooperativas de Traballo Asociado - Ugacota

981 575 578 www.ugacota.coop

Unión Galega de Cooperativas do Mar

986 89 65 26 <http://ugacomar.org>